

A carreira pola eólica mariña entra na súa fase final. O Goberno do Estado e as compañías enerxéticas dan por feito que ao longo deste ano se procederá á poxa dos primeiros 3.000 megawatts (MW) desta tecnoloxía de xeración eléctrica que o Executivo español quere ter en funcionamento no horizonte de 2030. **Texto Xacobe Ferreiro**

As empresas estranxeiras quedarán con toda a enerxía eólica mariña da Galiza

11 compañías con sede social e fiscal radicadas fóra do país buscan facerse con 13.549 MW

Até 11 compañías con sede social e fiscal fóra da Galiza buscan facerse a través de 20 proxectos emprazados noutros tantos puntos do litoral galego con toda e electricidade de orixe eólica mariña que se xerará no país. Malia que a potencia que sacará á poxa o Goberno español neste exercicio non superará os 3.000 MW no conxunto do Estado, só na Galiza estanse tramitando instalacións de eólica mariña que suman a esta altura do proceso 13.549 MW. A isto, contribúen as condicións físicas do litoral galego e a decisión do Executivo estatal de reservar no país para a eólica mariña 2.350 quilómetros cadrados (km²) de costa, do total de 5.000 km² para o conxunto do Estado español.

Repsol, Capital Energy e Elawan son as tres compañías que aspiran a quedar cunha maior potencia eólica mariña na Galiza. A primeira delas, con sede social en Madrid e co Banco de Noruega e os fondos de investimentos estadounidenses BlackRock e Vanguard

como accionistas de referencia, pretende erguer fronte á costa galega catro parques que suman 3.200 MW. A segunda, con enderezo na capital do Estado e coa familia Martín Buezas como propietaria, tenta alcanzar 1.800 MW na Galiza, se ben as graves dificultades económicas da mercantil poderían levar á venda destes proxectos a outro grupo, en liña coa súa política de desfacerse de activos.


A compañía Elawan, filial española do grupo xaponés Orix, compite con tres instalacións eólicas emprazadas no litoral da Coruña e Lugo, que suman en conxunto unha potencia de 980 MW. Neste caso, os principais accionistas da compañía volven ser os fondos de investimento estadounidenses BlackRock e Vanguard con máis de 12% do capital e os grupos financeiros xaponeses Sumitomo Mitsui Trust Asset Management e Nomura. Unha potencia semellante aspira a alcanzar Ferrovial, a compañía construtora da familia Del Pino con sede fiscal nos Países Baixos, que acode á poxa cun parque eólico fronte á Mariña e outro fron-

te ás Rías Baixas. A potencia dos proxectos presentados por Qair e Cobra supera, tamén, os 1.000 MW. A primeira compañía é de capital francés, ten como socio de referencia Jean-Marc Bouchet e diversos fondos de investimentos, está presente en varios Estados europeos e americanos e busca erguer na Galiza dúas instalacións eólicas cunha potencia conxunta de 1.243 MW. Cobra, que concorrerá á poxa eólica cun parque entre A Mariña e Ortegal de 1.000 MW, é propiedade da multinacional francesa Vinci, que ten como principais accionistas aos seus empregados con perto de 11% do capital, seguidos dos fondos de investimento estadounidenses BlackRock e Vanguard e do fondo soberano de Qatar.

A maior instalación eólica mariña proxectada na Galiza é o parque Nordés, emprazado fronte ás costas das cidades da Coruña e Ferrol e cunha potencia prevista de 1.200 MW. A iniciativa está promovida por un consorcio empresarial conformado por Bluefloat, propiedade do fondo estadounidense Quantum Capi-



Gfira




Ferrovial

O GOBERNO ESPAÑOL RESERVOU PARA A EÓLICA MARIÑA ATÉ 2.350 KM² DA COSTA GALEGA

tal Group; Sener, compañía de enxeñaría con sede en Madrid cuxa titularidade corresponde á familia vasca Sendagorta, e Plenitude, filial no Estado da multinacional ENI, cuxo accionista maioritario e o Goberno italiano. Precisamente, Quantum Capital Group tenta desfacerse das súas participacións en Bluefloat desde mediados de 2024.

Iberdrola pretende desenvolver 980 MW en dous parques emprazados fronte á Mariña e Ortegal. A compañía con sede social en Bilbo ten como accionistas de referencia BlackRock con 6% do



BLACKROCK E VANGUARD ESTÁN PRESENTES EN CINCO DAS COMPAÑÍAS



Unión Europea



Europa press



Europa press



Europa press

capital, o fondo soberano de Catar con 5,9%, Vanguard con 4,4% e o Banco de Noruega con 2,8%. Unha potencia análoga aspira a conseguir nos seus dous proxectos da Mariña a compañía Abey Energy, unha empresa enerxética andaluza con sede social en Córdoba que ten o enxeñeiro José Antonio Valle como primeiro executivo.

A multinacional estadounidense Invenergy, principal operador do negocio das renovábeis nese país, aspira a sacar adiante un parque de 552 MW no litoral de Ortegal. A compañía ten como socios mai-

oritario o seu CEO, Michael Polsky, e o fondo de pensións do Estado de Quebec, sendo outro dos accionistas de referencia o fondo de investimento estadounidense Blackstone. Ao tempo, tenta sacar adiante un parque de 522 MW fronte ao Baixo Miño Iberblue, mercantil, que ten no seu capital a irlandesa Simply Blue Group e as madrileñas FF New Energy Venture e Proes Consultores, enxeñaría do grupo Amper.

O futuro do sector

As fontes dos sector eléctrico consultadas por *Nós Diario* non

descartan que xurdan novos proxectos de eólica mariña na Galiza antes de facer o Goberno do Estado efectiva a poxa. Porén, sinalan que os principais actores xa tomaron posicións e non agardan un número elevado de novas iniciativas como consecuencia das reservas dos fondos e da banca fronte aos investimentos nestas instalacións. Sen ir máis lonxe, Quantum Capital Group busca saír do capital de Bluefloat ao non considerar a eólica mariña como un negocio rendíbel ao tratarse dunha tecnoloxía pouco madura.

Mohammed Saif Al-Sowaidi, director do fondo soberano de Catar; Larry Fink, CEO de BlackRock, e Nicolai Tangen, presidente do Banco de Noruega. Abaixo, Rafael del Pino, presidente de Ferrovial; Ignacio Sánchez Galán, CEO de Iberdrola, e Josu Jon Imaz, CEO de Repsol.

O fondo

Baran contra Rostow na Galiza do século XXI

X. F. | Nós Diario

A especialización produtiva é causa e consecuencia do subdesenvolvemento dun país. Fronte a aquelas posicións teóricas debedoras do modelo da vantaxe comparativa formulada por David Ricardo a comezos do século XIX e popularizadas nos anos 50 e 60 tras a publicación do libro de Walt Rostow *As etapas de crecemento económico. Un manifesto non comunista*, desde mediados do século XX desenvolveuse toda unha corrente de pensamento, cuxo iniciador foi Paul Baran co seu traballo *Economía Política do Crecemento*, que establecía unha relación causal entre especialización produtiva e subdesenvolvemento.

A política económica do franquismo buscou especializar Galiza na produción de electricidade. Neste sentido, explícase a aposta os Gobernos da ditadura en promover ducias de encoros nos diversos ríos galegos para cubrir as necesidades de consumo doutros puntos do Estado, nomeadamente Madrid. A esta mesma lóxica responden as políticas impulsadas polo Executivos galego e español a partir dos anos 90 coa eólica terrestre e agora coa eólica mariña. Nos tres casos, un exemplo claro do que Baran denominou como economías de enclave, que drenan os beneficios cara a fóra do país e deixan nel os prexuízos sociais.